



Concello de Barro

Expediente núm.: 463/2024

MEMORIA XUSTIFICATIVA

Procedemento: Contratacións. OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO -PLAN MAIS PROVINCIA 2024-LIÑA 1

MEMORIA XUSTIFICATIVA

1. Introducción

O Concello de Barro pretende mellorar a seguridade viaria nos camiños de titularidade municipal, por entender que son infraestruturas que de forma directa contribúen a mellorar a calidade de vida, especialmente nos núcleos rurais.

As actuacións proxectadas transcorren por viais de titularidade municipal do Concello de BARRO, pero, así mesmo teñen afección cos organismos dos cales se teñen autorizacións sendo estes Augas de Galicia, Deputación de Pontevedra e Patrimonio Cultural.

2. Descrición da situación actual

a. Situación na Institución

As actuacións proxectadas, teñen por obxecto definir e detallar as actuacións necesarias para a idónea pavimentación dos viais municipais do Concello de Barro, coa finalidade de mellorar a seguridade viaria de peóns e vehículos.

b. Marco normativo

O presente Proxecto consta dos documentos establecidos no artigo 233 da Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público, relativo ao contido dos proxectos e responsabilidade derivada da súa elaboración.

3. Obxecto do contrato

O estado actual dos viarios obxecto do presente proxecto é deficiente, cun deterioro acusado do acabado do pavimento, sumado á reposición parcial debido ás pequenas reparacións ou dando lugar a unha superficie irregular. Todo isto leva consigo un risco para a seguridade vial.

As obras proxectadas teñen como obxectivo principal a pavimentación de





Concello de Barro

4 camiños públicos municipais do Concello de Barro. A continuación, describimos as obras para realizar de maneira máis detallada:

- Valbón: executarase un novo pavimento de aglomerado asfáltico de 5 cm de espesor, redutores de velocidade tipo “lombo de asno” e sinalización horizontal e vertical.
- A Porriña: executarase un novo pavimento de aglomerado asfáltico de 5 cm de espesor e sinalización horizontal e vertical.
- Piñeiro: executarase un novo pavimento de aglomerado asfáltico de 5 cm de espesor. Así mesmo, realizarase a limpeza e perfilado de cunetas da contorna e a execución dunha arqueta previa tajea para mellorar a curva do vial.
- A Áspera: executarase a recollida de augas pluviais, pavimento de aglomerado asfáltico de 5 cm de espesor e sinalización horizontal e vertical.

4. Análise Técnica

a. Consideracións técnicas e requirimentos

O proxecto redactado axústase ao actual dominio público sen modificar as aliñacións nin ampliar as ocupacións actuais. A este respecto, non existen novas ocupacións. En todo caso, fósese necesaria a ocupación dalgún terreo, o Concello de Barro sería o encargado de realizar xestións pertinentes para a consecución dos mesmos.

As actuacións previstas considéranse obras de conservación e mantemento dos viais públicos de titularidade municipal, sen variacións no seu trazado e dimensións, co único obxecto de manter o seu pavimento en condicións idóneas para o seu uso, polo que se entenden compatibles co ordenamento urbanístico.

As actuacións obxecto do presente proxecto sitúanse en 4 localizacións diferentes do Concello de Barro, estando as actuacións localizadas nas seguintes coordenadas:

• Valbón:

Coordenadas WGS84. Latitude = 42°31'04.8"N, Lonxitude = 8°39'02.9"W.
Coordenadas UTM ETRS89 fuso 29 = X: 528682.82, E: 4707346.15.

• A Porriña:

Coordenadas WGS84. Latitude = 42°31'11.3"N, Lonxitude = 8°38'27.0"W.





Concello de Barro

Coordenadas UTM ETRS89 fuso 29 = X: 529508.14 , E: 4707559.71.

- **Piñeiro:**

Coordenadas WGS84. Latitude = 42°31'13.0"N, Lonxitude = 8°38'53.0"W.

Coordenadas UTM ETRS89 fuso 29 = X: 528908.58 , E: 4707604.71.

- **A Áspera:**

Coordenadas WGS84. Latitude = 42°30'15.0"N, Lonxitude = 8°39'16.5"W.

Coordenadas UTM ETRS89 fuso 29 = X: 528379.23 , E: 4705812.31

5. Análise Económica

a. Valor Estimado

O ORZAMENTO DE EXECUCIÓN MATERIAL (P.E.M.) da obra, que ascende á cantidade de SETENTA E CATRO MIL CINCOCENTOS VINTE E OITO EUROS CON SESENTA E CINCO CÉNTIMOS (74.528,65 euros).

Aplicando o 13 % de Gastos Xerais, o 6% de Beneficio Industrial e o 21% de I.V.E obtense un ORZAMENTO DE EXECUCIÓN POR CONTRATA (P.E.C.), que ascende á cantidade de CENTO SETE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (107.313,80 euros).

Por tanto, obtense un ORZAMENTO PARA COÑECEMENTO DA ADMINISTRACIÓN, que ascende á cantidade de CENTO SETE MIL TRESCENTOS TRECE EUROS CON OITENTA CÉNTIMOS (107.313,80 euros).

b. Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade financeira

O proxecto por importe de 107.313,80€ (IMPOSTOS INCLUÍDOS) financíase con cargo á partida do orzamento 1532.61900.2024/002575, atopándose incluído o expediente no Plan MAIS PROVINCIA 2024 da Deputación Provincial de Pontevedra.

6. Análise do Procedemento

a. Xustificación do procedemento

A obra ascende a un orzamento de execución por contrata de 88.689,09€, polo que dado o seu importe procederase a contratar por procedemento





Concello de Barro

aberto simplificado recollido no artigo 159 da Lei 9/2017, polo que non se restrinxe a participación de licitadores e no prego non se incluírán criterios que dependan de xuízos de valor. O criterio a incluír no prego para a adjudicación do contrato consistirá en metros cadrados a mais de asfaltado coas mesmas características que figuran no proxecto.

b. Cualificación do contrato

O contrato definido ten a cualificación de contrato administrativo de obras, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE de 26 de febreiro de 2014.

c. Análise de execución por lotes

En cumprimento do establecido no artigo 99.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, xustificárase que, no caso de non poder dividir a contratación do proxecto, existindo motivos válidos, deberá estar debidamente xustificado no expediente.

Non caso do proxecto “OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO, CONCELLO DE BARRO”, considérase que, nos documentos presentados neste proxecto, queda debidamente xustifico que, para a correcta execución do mesmo desde o punto de vista técnico, NON SE DIVIDE EN LOTES.

d. Duración

O prazo de execución do contrato será de 2 meses (DOUS MESES).

e. Fianza

Esixirase ao Contratista unha fianza do 5% do orzamento de execución das obras contratadas que se fixe no Contrato, que lle será devolto unha vez finalizado o prazo de garantía, previo informe favorable da Dirección Facultativa.

f. Garantía

O prazo de garantía das obras considérase necesario que sexa de DOCE (12) MESES. Devandito prazo comezará a contar a partir do día seguinte ao da firma da Acta de Recoñecemento Final das obras. Durante o devandito prazo o contratista estará obrigado a emendar os defectos observados na recepción e tamén os que non sexan imputables ao uso por parte do propietario.





Concello de Barro

7. Conclusións

1.- Trátase dun contrato de obras.

2.- As obras consistirán na execución dos traballos de “OBRAS DE PAVIMENTACIÓN EN PORTELA E AGUDELO, CONCELLO DE BARRO”, segundo descrición e características que figuran no proxecto redactado por D. Rubén Calvarro Rivadulla, Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos (Colexiado núm. 30.511).

3.- O valor estimado da licitación ascende a 88.689,09€ mais 18.624,71€ de IVE.

4.- A contratación realizarase por procedemento aberto simplificado, co criterio de adxudicación seguinte: metros cadrados a mais de asfaltado coas mesmas características que figuran no proxecto.

5.- O contrato execútase nun único lote.

6.- A duración do contrato será de 2 mes

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

